

ISBN 978-84-89323-37-7



Autores

María Isabel Fraga
Martín Souto
Daniel Castro

Coa colaboración de
Xan Guerra
Francisco Leonardo

Santiago de Compostela é unha das cidades con máis metros cadrados de parques e xardíns por habitante de toda a Península Ibérica.

Esta primeira guía verde da cidade é toda unha descuberta. Un volume ameno, didáctico, sinxelo, con máis de 250 fotografías, ilustracións e fichas prácticas de 130 especies arbóreas.

Un percorrido a través das sorprendentes zonas verdes da capital de Galicia.

alvarellos
EDITORA

Compostela
VIVA



alvarellos
EDITORA

alvarellos.info

Santiago de Compostela

Guía verde

Guía verde

Santiago de Compostela

María Isabel Fraga, coord.



galego

Deseño e maquetación: UZKIAGA comunicación gráfica

© Fotografías. M^a Isabel Fraga, Martín Souto,
Daniel Castro, Xan Guerra
© Ilustracións: Martín Souto, Daniel Castro
© Textos: M^a Isabel Fraga

© Museo de Historia Natural da USC

© ALVARELLOS EDITORA, 2010
Rúa Sempre en Galiza, 4 - praza
15706 Santiago de Compostela
correo@alvarells.info
www.alvarells.info

DL: C 3865-2009
ISBN: 978-84-89323-37-7

Impreso en Tórculo Artes Gráficas, S.A.
en papel reciclado e ecolóxico
(procedente de bosques sustentables)

Calquera forma de reprodución, distribución, comunicación pública ou transformación desta obra só pode ser realizada coa autorización dos seus titulares, agás excepción prevista pola lei. Dirixíxase a CEDRO (Centro Español de Derechos Reprográficos, www.cedro.org) se precisa fotocopiar ou escanear algún fragmento desta obra.

Índice

Glosario

Acícula: Folla longa, estreita e afiada como as dos piñeiros

Amento: Inflorescencia colgante de flores pequenas, pouco vistosas e xeralmente unisexuais

Axila: Ángulo superior que forman as follas coas ramas, ou as brácteas cos eixos en que se insiren

Baga: Froito co interior totalmente carnoso que xeralmente rodea varias sementes

Bráctea: Folla modificada, xeralmente reducida, en cuxa axila se desenvolve unha flor

Cápsula: Froito seco que na madurez se abre en valvas para liberar as sementes

Conífera: Árbore ou arbusto do grupo das ximnospermas cuxas estruturas reprodutoras (flores e/ou inflorescencias) son conos. Xeralmente os conos femininos transfórmanse en piñas portadoras de sementes

Coriáceo: Que ten consistencia semellante ao coiro

Corola: Envolta da flor constituída por pétalos. Adoita ser coloreada e vistosa

Disámara: Froito formado por 2 sámaras

Drupa: Froito carnoso, cun núcleo lignificado central (óso) que encerra unha ou varias sementes

Filodio: Pecíolo dunha folla modificado e aplanado que adquire o aspecto e función do limbo foliar

Foliolo: Cada unha das pezas do limbo dunha folla composta

Folla simple: Folla na que o limbo está formado por unha soa lámina

Folla composta: Folla na que o limbo está dividido en varias unidades (folíolos)

Indehiscente: Froito que non se abre de forma natural para liberar as sementes

Inflorescencia: Conxunto de ramas portadoras de flores

Lanceolado: Aplícase aos órganos laminares, estreitos e con extremos puntigudos, con forma de punta dunha lanza

Legume: Froito seco dehiscente que se abre ao longo do nervio medio e da liña de sutura, dividíndose en 2 valvas que levan as sementes no bordo

Lignificado: Que ten consistencia leñosa

Limbo: Parte da folla que ten forma laminar

Palmeado: Cos compoñentes dispostos de maneira diverxente, como os dedos da palma dunha man

Pecíolo: Estrutura semellante a unha delgada poliña que enlaza o limbo da folla co nó do caule.

Pinnado: Cos compoñentes dispostos a ambos os dous lados do eixo principal

Sámara: Froito seco indehiscente cunha soa semente e un apéndice membranoso denominado á